| CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | Xerar produtos orixinais e creativos, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | TI | 30 |
| CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia. | Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. | Recoñecer a riqueza da diversidade e rexeitar actitudes discriminatorias. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.<br>- O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro.<br>- Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.<br>- A industrialización en Europa, España e Galicia. Transicións, revolucións, permanencias e cambios na nova orde mundial. Nacemento dunha nova sociedade.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | Comercio e transporte: motor e reto da economía | 14 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación. | Elaborar contidos propios en distintos formatos, usando e contrastando criticamente fontes fiables. | PE | 80 |
| CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico. | Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos. | Ser quen de transferir axeitadamente a información e o coñecemento por diversos medios cun nivel suficiente e corrección formal | | |
| CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados. | Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos un nivel suficiente e corrección formal | | |
| CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade. | Contribuír ao benestar individual e colectivo. | | |
| CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | Xerar produtos orixinais e creativos, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | TI | 20 |
| CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre. | Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 8 | Outros servizos básicos para a economía e o benestar | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación. | Elaborar contidos propios en distintos formatos, usando e contrastando criticamente fontes fiables cun nivel suficiente e corrección formal | PE | 90 |
| CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos. | Ser quen de transferir axeitadamente a información e o coñecemento por diversos medios cun nivel suficiente e corrección formal | | |
| CA2.7 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria. | | |
| CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados. | Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos un nivel suficiente e corrección formal | | |
| CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | Xerar produtos orixinais e creativos, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.cun nivel suficiente e corrección formal | TI | 10 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.<br>- Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural.<br>- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 9 | Os retos do mundo globalizado e os ODS | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.7 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria. | PE | 50 |
| CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados. | Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e as informacións adquiridos. | | |
| CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia. | Entender e afrontar problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas. | | |
| CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | Xerar produtos orixinais e creativos, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | TI | 50 |
| CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes. | Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. | | |
| CA3.4 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial.<br>- Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais.<br>- Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade. |

| Contidos |
|---|
| - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas |
| - Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita. |
| - Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión. |
| - Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática. |
| - Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida. |
| - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

Pódese sintetizar incidindo no traballo na aula do alumnado a partir de todos os materiais didácticos de que bota man o profesor e que veñen nos libros de texto, máis os que prepare especificamente o profesorado. Ademais, a participación activa do alumno, moi importante no caso do terceiro, aínda que sempre é necesario incentivala, e outro dos intereses do profesor de cada materia. Nesta área a utilización de materiais audiovisuais é especialmente axeitada e moi do gusto do alumnado pola experiencia acadada de ano en ano.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Aula Virtual |
| Presentacións informáticas |
| Explicación teórica na clase |
| Mapas históricos e xeográficos ofrecidos polo profesor |

Emprego da Aula Virtual como recpositorio de diversos materiais e centralización do portfolio do alumno ou alumna.

- Como recurso principal, o libro de texto utilizado é o da Editorial Obradoiro-Santillana (o alumnado e o profesorado dispoñen deste libro tamén en versión dixital).
- Botarase man tamén da Aula Virtual do centro e aproveitaranse os ordenadores dos que disporá o alumnado no marco do programa EDIXGAL.

Por outro lado para a comprensión dos temas serán necesarios:

- Mapamundi. Non podemos construír un coñecemento sobre o marco xeográfico mundial se temos problemas á hora de situar poboacións ou rexións.
- Fontes documentais históricas e historiográficas seleccionadas polo profesorado.
- Prensa.
- Imaxes. Diapositivas, fotografías, debuxos, planos, tanto do libro de texto como procedente doutras fontes, aportados polo profesor, buscados polos alumnos, consultados en Internet ou na biblioteca. Consideramos que o uso

de imaxes axuda a fixar coñecementos, sobre todo cando se trata de estudar un marco temporal e cultural tan dilatado.

- Gráficas, mapas históricos ou temáticos, moitos deles realizados polos propios alumnos a través das ferramentas TIC.
- Para determinadas actividades precisarase ordenador con acceso a internet (pesquisas informativas, realización de exercicios, exposicións de presentacións informáticas, etc.)
- Proxector e pantalla. Os grupos contan coa súa propia aula na que se dispón do material informático preciso (encerado dixital, proxector e ordenador).

En concordancia con Plan Lector do Centro, cada profesor encargado da materia poderá encomendar a lectura dun ou varios libros ao longo do ano, segundo a listaxe por el elaborada. Sobre cada libro poderase esixir a elaboración dun traballo relacionado cos seus contidos e/ou a realización dun control da lectura.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade dos/das alumnos e alumnas. Así mesmo permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula.
Dita avaliación inicial consistirá en exercicios orais e escritos de diferente índole. Por unha banda, farase unha proba escrita (de preguntas, de completar textos, de relacionar, de ordenar, etc.) na que se avaliarán contidos histórico-xeográficos sobre contidos do curso anterior para coñecer o estado de partida do alumnado pois o normal é que proveñas de diferentes grupos, do ano anterior, e non todos visen exactamente os mesmos temas. Por outra banda, desenvolverase unha avaliación máis aberta e expositiva sobre diversos temas curriculares que permita coñecer as destrezas orais, e consistirá en preguntas do profesorado, ao chou, a diferentes alumnos para coñecer o seu nivel medio..
Como o que se pretende é detectar as confusións e incorreccións que os estudantes teñen sobre os contidos a tratar e que van precisar aclaración e rectificación, e obter información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo concreta-los contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente, cómpre puntualizar que, estas probas iniciais teñen sentido propedéutico e non formarán parte da avaliación formal.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **20** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **100** |
| **Proba escrita** | 90 | 70 | 60 | 90 | 80 | 70 | 80 | 90 | 50 | **77** |
| **Táboa de indicadores** | 10 | 30 | 40 | 10 | 20 | 30 | 20 | 10 | 50 | **23** |

**Criterios de cualificación:**

## Avaliación

A nota de cada avaliación calcularase a partir das notas das probas obxectivas (exames) e do traballo realizado mediante diferentes tarefas durante a mesma. A media aritmética dos exames representará o 80% da nota da avaliación. O 20% restante calcularase en base ao traballo na aula e á realización de actividades e proxectos individuais ou de grupo.
Probas obxectivas
Haberá 1 ou 2 exames por avaliación, cuxas datas serán acordadas cos diferentes grupos. Nestas probas incidirase

na importancia de avaliar non só os contidos conceptuais senón tamén os procedementais que, nesta materia, son básicos. Así, primaranse aquel tipo de preguntas nas cales se demostre un coñecemento suficiente da materia mais tamén dos seus procedementos propios (análise de táboas estatísticas, realización de gráficos, interpretación de mapas, análise de textos etc..), xunto co dominio do vocabulario científico propio. Por iso, a estrutura do exame, sempre que o temario o permita, será a seguinte: unha pregunta ampla, expresiva (valorada nun máximo de 3 puntos); varias preguntas curtas, de relación, ou de datos factuais (entre 3 ou 4 puntos); cuestións tipo test; e, algún tipo de exercicio práctico (mapas, realización de gráficos, análise de táboas estatísticas etc...) e que terán un valor de entre 3-4 puntos. Resulta complexo indicar a puntuación exacta de cada tipo de cuestión pois se depende dos contidos e posibilidades de cada tema. O grao mínimo de consecución será o de 5.
Terase en conta, especialmente, a ortografía e a expresión escrita. Así, a criterio do/a profesor/a, poderase descontar ata un máximo dun punto por exame, restándose ata 1 décima de punto por cada falta de ortografía ou acentuación.
Tarefas
O restante 20% da nota procederá da avaliación dos traballos, as lecturas, o caderno e a participación diaria na dinámica da clase (interese, atención, participación). Os traballos deberán ser entregados utilizando o sistema que determine o docente, preferiblemente o sistema EDIXGAL. Consistirán na elaboración de diversos produtos (textos, presentacións, vídeos, etc) e poderanse expoñer oralmente na aula.
A presentación en prazo e forma de determinados traballos ou proxectos que, pola súa entidade, así determine o docente da materia, poderá ser chave para a superación da avaliación correspondente. Isto é, de non presentalos no prazo esixido, a cualificación será 0. Todas estas circunstancias (produto final, importancia, data límite de entrega e puntuación mínima do traballo) serán advertidas polo docente nas instrucións para realización de cada un dos traballos ou proxectos.
Dado que todo o alumnado de 3º de ESO vai dispor de ordenadores no marco do programa EDIXGAL, algunhas destas tarefas -ou todas- poderán ser presentadas en formato dixital a través da Aula Virtual do centro.
Finalmente, como no boletín de notas deben aparecer as cualificacións sen decimais, procederase a un redondeo no que se o decimal é 5 ou superior, pasarase á cifra exacta superior, e se fose inferior a 5, pasarase á inferior. Este redondeo levarase a cabo en cada avaliación e tamén se fará na avaliación final a partir de tódalas notas do curso (non da nota de avaliación).
Avaliación final
Na avaliación final, para a nota final, se aplicará a nota final media de tódalas probas e traballos realizados durante o curso e se aplicará igualmente o redondeo.

**Criterios de recuperación:**

# Recuperación das avaliacións

Para recuperar as avaliacións suspensas, realizarase unha proba por avaliación e a nota desa proba, será a nota da recuperación. O tipo de proba será semellante en estrutura e puntuación ás anteriormente realizadas e realizarase o máis axiña posible con posterioridade á avaliación.

# Recuperación final

As probas extraordinarias, para aqueles alumnos que teñan algunha avaliación suspensa, realizaranse avanzado o mes de xuño segundo o calendario fixado pola Xefatura de Estudos. Esta proba final, rexerase polos mesmos criterios anteriormente expostos en canto á súa estrutura e tamén en canto ao redondeo a aplicar.
Casos específicos

- 1 avaliación suspensa: No caso de que ao final de curso, só se teña unha avaliación suspensa e a media aritmética das cualificacións obtidas durante o curso sexa 5 ou superior, se dará a avaliación por aprobada, e se aplicará esa nota media, despois de aplica-lo redondeo.
- 1 avaliación suspensa: No caso de que ao final de curso, só se teña unha avaliación suspensa e a media aritmética das cualificacións obtidas durante o curso sexa inferior a 5, farase un novo exame da avaliación suspensa. A nota final, será a media desa proba xunto coas outras probas aprobadas durante o curso e a seguir se aplicará o redondeo.
- 2 ou máis avaliacións suspensas: Daquela, terá que realizar unha proba de avaliación final de toda a materia do curso. A estrutura e puntuación desta proba será semellante ás anteriormente realizadas. A nota final, será a nota desa proba, despois de aplica-lo redondeo.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Os aspectos esenciais que están vinculados a este punto son os seguintes:

- O seguimento da evolución do grupo e de cada alumno en particular para detectar necesidades e poñer os recursos necesarios en marcha.
- A relación estreita coas familias.
- A elaboración, se cómpre, de adaptacións curriculares.
- A interacción entre os diferentes equipos educativos.
- A flexibilización dos agrupamentos e da distribución dos tempos na aula.
- O estímulo da colaboración entre iguais, para facilitar a integración e a adaptación.
- A planificación e a elaboración de materiais específicos para cada necesidade.

O xefe de Departamento, unha vez teña a lista de pendentes, organizará unha reunión con todo o alumnado con materias pendentes, para lles informar da estrutura, criterios, tempos etc.
Establécese en coherencia co realizado anteriormente polo alumnado en cursos anteriores, un dobre sistema de avaliación:

- Un conxunto de tarefas que se valorará nun 20% da nota, e que se deberán entregar o día do exame. En caso de non entregalas nese momento, a cualificación será de 0.
- Unha proba obxectiva que se valorará no 80% restante.

Como no indicado no punto 5.2, os criterios de cualificación a aplicar serán os mesmos.
Realizaranse 2 probas durante o curso (xaneiro e maio, preferiblemente), cun calendario previo convenido; e a nota final será a media desas dúas probas (exame máis tarefas). O grao mínimo de consecución será o 5.

## 6. Medidas de atención á diversidade

En xeral, téntase que as medidas de atención á diversidade sexan escasas, xa que unha programación ben elaborada e contextualizada na realidade da aula require un número moi limitado delas.
As medidas xerais de atención á diversidade articúlanse aplicando:

- Reforzo educativo.
- Adaptacións curriculares.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Educación cívico-social. | X | X | X | X | | | | X |
| ET.2 - Educación ambiental. | | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Educación para a igualdade. | X | | X | | | | | X |
| ET.4 - Emprendemento | | | | | X | X | X | |
| ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible. | | X | X | X | X | | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.7 - Educación para a paz | X | | | X | | | | |
| ET.8 - Educación para o consumidor | | | | X | X | X | X | X |

| | UD 9 |
|---|---|
| ET.1 - Educación cívico-social. | |
| ET.2 - Educación ambiental. | X |
| ET.3 - Educación para a igualdade. | X |
| ET.4 - Emprendemento | |
| ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita. | X |
| ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible. | X |
| ET.7 - Educación para a paz | X |
| ET.8 - Educación para o consumidor | |

**Observacións:**

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.
Por suposto traballar a educación cívica, a igualdade, o coidado do medio ambiente, educación para paz, en definitiva, os ODS...é prioritario nesta materia e neste curso xa que gran parte dos temas curriculares xiran arredor destes aspectos.
Así mesmo, a comunicación audiovisual será aproveitada dun xeito responsable en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente e ao desenvolvemento das competencias das TIC do alumnado.
Como tema transversal incluíuse a comunicación pois vanse promover os debates ordenados nos que se cumpran as normas de respecto e a tolerancia polas opinións contrarias que, en definitiva, conlevan a unha actitude cívica e a asunción dos valores constitucionais e democráticos.
O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa para levar a cabo os traballos de aula e/ou emitir propostas que enriquezan o clima da aula

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Neste momento non están contempladas | Neste momento non están contempladas | X | | |

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Realizouse a avaliación inicial |
| A temporalización foi axeitada |
| Metodoloxía empregada |
| Demostra coñecemento da materia |
| Planifica as leccións, ensina e avalía |
| Avalía e xulga en función dos criterios da programación |
| Emprega variedade de recursos |
| Ofrece oportunidades de recuperación |
| Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros |
| Revisa a realización das tarefas propostas |
| A selección e temporalización dos contidos e das tarefas foi axustada |
| As tarefas foron variadas e motivadoras |
| Os criterios de cualificación foron claros e axustados |
| Empregáronse diferentes instrumentos de cualificación |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Cumpre co horario das clases |
| Clima de traballo na aula |
| É quen de crear un ambiente de aprendizaxe |
| Motiva ao alumnado |
| Explica con claridade e resolve as dúbidas |

**Descrición:**

Realízarase a avaliación inicial, nas datas propostas pola Xefatura de Estudos.
Informarase ao alumnado, nos primeiros días de clase, dos elementos de cualificación e dos criterios de cualificación.
Informarase tamén, ao alumnado coa materia pendente, de cal será o procedemento a seguir, unha vez estea decidido polo Departamento.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.
O seguimento da Programación se realizará segundo o procedemento que indique o Xefe de Departamento, puidendo ser a través da aplicación PROENS ou/e mediante as reunións de Departamento que se realizen.
Para avaliar o proceso de ensino deben empregaranse os indicadores de logro establecidos na programación e comprobar o seu grao de cumprimento.
Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora que fosen necesarias poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a programación á temporalidade e á realidade.

## 9. Outros apartados